

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de solicitudes excluídas da bolsa de formación complementaria para formación da Plataforma de Aprendizaxe de Microcredenciais do Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada da Universidade de Vigo con Mención de Excelencia da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido na base 8 do anexo I da Resolución reitoral do 23 de xuño de 2026 no que se regulan as bases da convocatoria da bolsa de formación complementaria para formación da Plataforma de Aprendizaxe de Microcredenciais do Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada da Universidade de Vigo con Mención de Excelencia da Xunta de Galicia, unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións, vistas estas e revisada a documentación presentada,

Visto o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas (anexo I)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A reitora

Por delegación RR 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)

A vicerreitora de Estudiantes e Vida Universitaria

María Dolores González Álvarez



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

Apelido1	Apelido2	Nome	Código
Ghallab	Omar Ezzeldin	Islam	1, 2, 3, 4

Código	Causa exclusión
1	Non presentar a solicitude a través da sede da Universidade de Vigo ou non utilizar o modelo específico de presentación (formulario en liña).
2	Non posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou extracomunitaria acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non é suficiente o permiso de estadia por estudos).
3	Non estar en posesión do título de graduado/a en Bioloxía
4	Non estar matriculado/a no curso 2026/27 na Universidade de Vigo no Máster Universitario de Biotecnoloxía avanzada

